

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas do día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión extraordinaria urxente, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEEA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión o concelleiro do grupo político do PSdeG-PSOE don Miguel Suárez García, o concelleiro do grupo político popular, don Antón Prieto García, e os/as concelleiros/as do grupo político do BNG, dona Beatriz Pérez Mosquera e don Gonzalo Méndez Mosquera.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Sonia Corral Corral, e dá fe do acto o secretario xeral accidental, don Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias,

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

declara aberta esta sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN.

De seguido intervéñ o Sr. alcalde e di que o primeiro é votar o pronunciamento sobre a urxencia desta convocatoria e do asunto incluído na orde do día, constando na resolución da Alcaldía de convocatoria desta sesión o seguinte:

“A urxencia da convocatoria está motivada pola necesidade da entrada en vigor inmediata do convenio a asinar coa Deputación provincial da Coruña para a execución da obra municipal rede de saneamento da DP-0510”

O Sr. alcalde di que a estrada de Confurco a Orro tivo que ser paralizada en principio por un desacordo coa empresa adjudicataria porque non estaba conforme cos prezos da obra e dun xeito amistoso se tratou de rescindir o contrato por parte da Deputación provincial porque nesa negociación de prezos nin sequera había a posibilidade de poder incluír esa obra que por erro a Deputación provincial non meteu na licitación, que era o saneamento, que asumía o Concello; que se rescindiu o contrato amistosamente e, con certa urxencia, desde o servizo de Contratación da Deputación provincial iniciaron o expediente para poder retomar esta obra con carácter di que cre de extrema urxencia pois do contrario estaríase ano e medio con dita obra paralizada como aconteceu en diferentes estradas da provincia, o que suporía un handicap moi importante sobre todo para os cidadáns de Culleredo; di que para poder licitar novamente esta obra houbo que facer unha actualización de prezos tanto na obra que corresponde á Deputación como na que compete ao Concello, que é a obra de saneamento, e o que se trae ao Pleno é un acordo para que sexa a Deputación provincial a que asuma toda a competencia na contratación da obra integral tanto do arranxo da estrada como a construción de beirarrúas, alumeado público, etc, asumindo o Concello o coste da obra de saneamento que vai por dita estrada provincial; que a urxencia vén motivada tamén porque na Deputación provincial vai o vindeiro venres a pleno tamén con carácter urxente, indicando que o día 26, a máis tardar, tiña que estar o convenio suscrito no propio pleno local, motivo polo que se fixo a convocatoria de urxencia tal como se tiña acordado cos técnicos e cos responsables políticos da área de Contratación da Deputación provincial xa que ata o pasado xoves non foi ditaminada a obra en dita administración.

Non habendo máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da sesión e do asunto incluído na orde do día, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2. PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA REDE DE SANEAMENTO NA dp-0510 E APROBAR A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A EXECUCIÓN DA OBRA REDE DE SANEAMENTO DA DP-0510.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposición da Alcaldía (código de documento UCP16I00Y0), de data vinte e dous de xullo de dous mil vinte e dous, que transcrita literalmente di:

“A Deputación Provincial da Coruña aprobou en sesión plenaria celebrada o 31 de marzo de 2017 un proxecto de obra para a travesía CP 0510 de Tarrío a Orro denominado ensanche, mellora de trazado, afirmado e senda na DP 0510 no tramo Confurco PK 0 a Orro PK 2,94.

Tendo en consideración que o Concello de Culleredo desexaba dotar e mellorar o saneamento no tramo de Tarrío a Orro por onde transcorre a travesía, o 15 de novembro de 2019 a Deputación Provincial da Coruña e este Concello, asinaron un convenio de cooperación para a execución coordinada de ambos proxectos, de tal forma que a Deputación Provincial licitase, coordinase e executase ambos proxectos, comprométense este concello ao financiamento da execución das obras da rede de saneamento da DP-0510.

O 6 de xuño de 2022 a Deputación Provincial comunica a este Concello que por resolución da Presidencia nº 21291 de data 04 de maio de 2022 acordouse a resolución por mutuo acordo do contrato formalizado para a execución das obras e que, para contratar a execución da terminación das obras, será necesaria a actualización do proxecto da rede de saneamento e a formalización dun novo convenio.

Visto o proxecto de obra de xuño de 2022 redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Alejandro Peña López e o proxecto de convenio a asinar coa Deputación Provincial, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obra Rede de saneamento na DP-0510 asinado dixitalmente o 15 de xuño de 2022 (documento con código de verificación 3F611M1W3K4J0R0111FW).

Segundo.- Asinar coa Deputación Provincial da Coruña un convenio de colaboración para a execución da obra municipal, rede de saneamento da DP-0510 e da que executará a Deputación Provincia, ensache, mellora de trazado, afirmado e senda na DP 0510: tramo Confurco PK 0 a Orro PK 2,94.

C.I.F. P-1503100-H

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA A EXECUCIÓN E FINANCIACION DA OBRA DA REDE DE SANEAMENTO DA DP-0510.

Na Coruña, a de de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da
Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número e
_____ polas que se lle delegaa competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do Concello de Culleredo,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

1. Con data de 31 de marzo de 2017, o Pleno da Deputación provincial da Coruña aproba o Proxecto da Travesía CP 0510 de Tarrío a Orro, “ENSANCHE, MEJORA DE TRAZADO, AFIRMADO Y SENDA EN LA DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94” por importe de 1.215.705,33 euros, e que entre outras actuacións recolle, a reposición dos servizos existentes, excepto no saneamento.
2. Pola súa parte, ante os problemas existentes pola falla de saneamento na área por onde discorre a Travesía da CP 0510, de Tarrío ao Orro, o Concello de Culleredo desexa dotar do mesmo a esa zona, e encarga no ano 2016 a redacción do proxecto

do servizo de saneamento, ao Arquitecto Alejandro Peña López, no que se contempla a execución dos colectores de saneamento baixo a cuneta da estrada provincial aloxando os rexistros na beiravía, e consignando nos orzamentos municipais de 2017 a cantidade necesaria para a súa execución.

Dito proxecto, encádrase no marco de creación, renovación e mellora da infraestrutura do termo municipal, e leva por rúbrica "Rede de saneamento da DP-0510".

3. Con data de 12 de setembro de 2017, o Concello de Culleredo, coñecedor das obras que serán realizadas no seu termo municipal e máis concretamente na Travesía da CP 0510, presenta unha solicitude á Deputación Provincial da Coruña, na que propón a actuación conxunta das obras e a formalización dun convenio, que teña por obxecto que a Deputación licite, coordine e execute ambos proxectos, á fin de que a súa execución realicése de forma coordinada con intención de optimizar custos e simplificar e reducir tempos de execución, sendo por conta do Concello de Culleredo a redacción do proxecto e o importe de execución da obra do saneamento, cuantificada en 141.275,24 euros, IVE engadido, cantidade que se recolleu no orzamento municipal de 2017.
4. O 14 de setembro de 2017, o Servizo de Vías e Obras presenta informe favorable sobre a viabilidade desta proposta, concluíndo que a actuación pode ser licitada conxuntamente coas obras de ampliación previstas na DP-0510, unha vez formalizado o convenio correspondente co Concello de Culleredo.
5. En data 15 de novembro de 2019 asinouuse o convenio de cooperación entre a Deputación provincial de Coruña e o Concello de Culleredo para a execución e financiamento da obra da rede de saneamento da DP 0510.
6. Mediante Resolución de Presidencia nº 11223 de data 23/03/2021, apróbase a contratación das obras incluídas no proxecto DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO) (INVERSIONS VIAS PROVINCIAIS 2017 PRIMEIRA FASE) (2017.1110.0003.0), de acordo co Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26/02/2021 (BOP 42 DE 04/03/2021).
7. Mediante Resolución de Presidencia nº 28953 de data 07/07/2021, apróbase a adjudicación do contrato.
8. O obxecto do convenio citado anteriormente era coordinar as actuacións entre a Deputación Provincial de Coruña e o Concello de Culleredo para a execución das seguintes obras:
 - a) Proxecto da Travesía DP 0510 de Tarrío a Orro, "ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94".
 - b) Proxecto "REDE DE SANEAMENTO DA DP 0510" redactado polo Arquitecto Alejandro Pena López a conta do Concello de Culleredo.

De acordo con o informe do Servizo de Vías e Obras de data 09/03/2022, "ambas as actuacións habían de realizarse coordinadamente, xa que a rede de saneamento a executar coincide co tramo da estrada a ampliar, polo que no Convenio incluíuse o que

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

a Deputación Provincial licítase a execución de ambas as obras nun único lote a fin de que estas fosen executadas coordinadamente por un único contratista.

Con todo, a única obra que se contratou, en data 08/07/2021, foi a de ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+94, iniciándose os traballos nos meses posteriores.”

9. Sendo necesario o executar as obras de ambos os proxectos de forma conxunta, mediante Resolución de Presidencia nº 21291 de data 04/05/2022, acórdase a resolución do contrato por mutuo acordo, ao obxecto de licitar conxuntamente a execución das obras de ambos os proxectos.
10. En consecuencia, redáctase un proxecto actualizado que ten por obxecto a actualización do orzamento das obras proxectadas, que consisten na fixación de prezos actualizados e o desconto das medicións executadas polo contratista adjudicatario da execución do proxecto inicial e que foi obxecto de resolución.
11. A Deputación Provincial e o Concello de Culleredo consideran necesario coordinar a súas actuacións para executar as obras incluídas en dítos proxectos, pois desta maneira poderíanse executar simultaneamente os traballos de ampliación da plataforma e os de mellora da rede de saneamento, optimizando custos, simplificando a execución e reducindo os tempos de execución.

Por todo o exposto, as partes:

ACORDAN

Formalizar o presente Convenio de Cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto **coordinar as actuacións** entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo con CIF P1503100H, para a execución das seguintes obras:

1. Proxecto de TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)” por importe de 1.671.420,89 €.
2. Proxecto “Rede de saneamento da DP-0510”, redactado polo Arquitecto Alejandro Peña López a conta do Concello de Culleredo por importe de 190.014,21 € IVA engadido.

II.- EXPROPIACIÓNS

Non é preciso, dado que existe dispoñibilidade de terreos, que se tramite expediente de expropiación para a tramitación do presente convenio.

III.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A Deputación Provincial, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo aos seus pregos tipo, a execución das obras incluídas en ámbolos proxectos, de **forma conxunta en un único lote**, á fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar

a súa execución e reducir tempos de execución.

IV.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Os orzamentos de execución de ambas obras son os seguintes:

1.- Proxecto de **TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)**, por importe de **1.671.420,89 €**.

TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMA O E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)

Orzamento de execución material	1.160.789,57
Gastos xerais (13%)	150.902,64
Beneficio industrial (6%)	69.647,37
IVE (21%)	290.081,31
Orzamento Base de Licitación	1.671.420,89 €

2.- Proxecto "**Rede de saneamento da DP-0510**", redactado polo Arquitecto Alejandro Peña López á conta do concello de Culleredo por importe de **190.014,21 € IVE engadido**.

RED DE SANEAMIENTO DE LA DP-0510

Orzamento execución material	131.963,48
Gastos xerais (13%)	17.155,25
Beneficio industrial (6%)	7.917,81
IVAE(21%)	32.977,67
Orzamento Base de Licitación	190.014,21 €

V.- FINANCIAMENTO DAS OBRAS

As obras financiaranse do seguinte xeito:

1. Proxecto da **TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)**, por importe de **1.671.420,89 €**.

A Deputación Provincial da Coruña Financiará o 100% do seu orzamento de execución, con cargo á partida orzamentaria **2022/0410/4531/60900**

O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra minorará a achega da Deputación.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

concepto, será aboado pola Deputación.

2. Proxecto "**Rede de saneamento da DP-0510**", redactado polo Arquitecto Alejandro Peña López á conta do concello de Culleredo por importe de **190.014,21 € IVE engadido**.

O Concello de Culleredo financiará o 100% do seu orzamento de execución por contrata, ata un máximo de **190.014,21 euros**, que se aboará conforme ao establecido na cláusula VI do presente Convenio. O importe das baixas que se produzan na adjudicación desta obra minorará a achega do Concello.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado polo Concello.

A aportación do concello se contabilizará en el concepto de ingresos **361 "Ingresos P/Activos constr ou adquiridos para outras entidades"**.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado polo Concello de Culleredo.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentarias

O Concello de Culleredo autoriza á Deputación a consultar os datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

VI. PAGO

A Deputación aboará ao contratista adjudicatario da obra, o prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras, acompañadas das respectivas facturas, conforme ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a adjudicación das obras mediante procedemento aberto da Deputación.

A Deputación remitirá ao Concello de Culleredo as certificacións das obras correspondentes ao Proxecto "Rede de saneamento da DP-0510", acompañadas das **respectivas facturas** para que proceda ao ingreso do seu importe, na conta que sinala a Deputación, no prazo máximo dun mes dende a remisión das citadas certificacións.

De igual xeito, remitiranse **as facturas** correspondentes á **coordinación da Seguridade e Saúde e Control de Calidade**.

VII.- DIRECCIÓN DAS OBRAS. COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

A Dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos da Deputación e esta asumirá, no seu caso, os gastos que de el deriven.

A Deputación levará a cabo, do mesmo xeito, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde, e o control de calidade, e asumirá, no seu caso, os gastos que deste feito deriven, repercutindo ao Concello os importes pagados por este concepto no relativo ao Proxecto Municipal e que a continuación se desagregan:

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

- Orzamento máximo estimado da coordinación de seguridade e saúde: 1.245,47 euros (IVE incluído)

- Orzamento máximo estimado do control de calidade: 1.596,76 euros (IVE incluído)

VIII.- ACTA DE RECEPCIÓN

Notificarase ao Concello de Culleredo, coa debida antelación, a data de formalización do acta de recepción das obras, para que asista, se o considera conveniente, un técnico designado polo Alcalde de Culleredo.

IX.- ACTA DE ENTREGA

A Deputación Provincial, unha vez formalizada a acta de recepción da obra de "Rede de saneamento da DP-0510", entregará ao Concello de Culleredo as citadas obras para a súa adscrición aos servizos de titularidade municipal, a cuxos efectos **formalizarase a correspondente acta de entrega**. A partir de dita entrega o Concello farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

X.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos Presidentes, ao obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

XI.- VIXENCIA

O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso, ata o 31 de outubro de 2023. Non obstante, dito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

C.I.F. P-1503100-H

Terceiro.- Declarar que o concello dispón de todas as concesións e autorizacións administrativas legalmente necesarias para a execución das obras.

Cuarto.- Comprometer unha achega municipal por importe de 192.856,44 €, 190.014,21€ correspondentes ao financiamento das obras (cláusula V do convenio), 1.245,47€ á coordinación de seguridade e saúde das obras e 1.596,76€ ao control de calidade (cláusula VII do convenio)

Quinto.- Encomendar á Deputación Provincial da Coruña a contratación e execución das obras do proxecto Rede de saneamento na DP-0510 na Deputación Provincial da Coruña.

Sexto.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

Sétimo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, dirixíndose á Sra. Marta Iglesias, concelleira de Contratación, e ao Sr. Carlos Liñares, concelleiro de Obras, dilles que ambos teñen dedicación exclusiva para atender ao traballo das súas áreas de forma concentrada no que teñen que facer e xenerosamente remunerada con 40.000 euros anuais e que deben presentar a súa dimisión pois o que agora se propón neste punto da orde do día é renovar un convenio para que a Deputación, titular da estrada DP-510, que vai da Garrocha ou Os Confurcos a Orro, volva a licitarse de forma conxunta co saneamento cando ese convenio xa existía e nel había tamén a creación dunha comisión de seguemento na que tiñan que participar membros do goberno; di que a licitación xa se fixera pero sen incluír o saneamento que lle correspondía ao Concello como o BNG o fixo ver nun rogo na sesión plenaria do 25 de novembro de 2021, onde se puxo en evidencia que non se fixeran as cousas ben, estando agora no mes de xullo e deixando o goberno municipal seguir a obra ata que a estrada quedou aberta en canal e seguindo así a día de hoxe, coa obra parada e coa inseguridade que xera, sen que lle importe ao goberno municipal; que a Sra. Iglesias dicía insistentemente naquel momento que ela non levaba obras mentres o Sr. Liñares calaba, non tendo nada que dicir, insistindo tamén a Sra. Iglesias en que todo ía ben e que non sabía xa como llo ía dicir ao Sr. Chouciño Garrido e que xa se licitaría o saneamento; di que non houbo maneira e que o equipo de goberno agora ten que rectificar; que se fala dun problema de empresa cando na documentación non hai alusión ningunha a un problema de empresa, sendo a única referencia que hai a que a única obra que se contratou foi en data 08.07.2021 o ensanche, mellora, trazado, afirmado e senda na DP510, tramo Confurco a Orro, iniciándose os traballos nos meses posteriores, sen que se fale nada dun problema de empresa.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que o goberno municipal agora ten que rectificar e que o fai sen unha miga de disculpa, sen nada de contar a verdade á xente, cunha redacción de proposta na que parece que se pasa de resolver un contrato a que se renove o convenio; que o Sr. alcalde di que a resolución do contrato non vai custar nada e pide aclaración sobre este tema pois a diferenza vai ser de 300.000 euros para facer o mesmo, véndose que a incapacidade do goberno municipal custa cartos a todos; que hai que ver tamén como vén agora esta obra pois non se ve alusión ningunha no proxecto actualizado ao trazado do tendido de fibra óptica, algo prometido xa desde o 2017, cando nunha reunión na que pensa que estaba o actual alcalde xunto co anterior, co Sr. Sacristán, coa veciñanza de Orro se lles dixo que si, que ía a canalización da fibra óptica; que no último pleno de xuño aprobouse por unanimidade un acordo para darlle forma á iniciativa popular para impulsar a fibra no rural, contemplándose no acordo que na seguinte xunta de voceiros o goberno municipal informaría das accións realizadas cando o certo é que o venres pasado o equipo de goberno non tiña nada feito; que o goberno municipal rectifica os seus erros pero que o fai mal; di que a Sra. Marta Iglesias, concelleira de Contratación, Patrimonio e Obras, era responsable de que o convenio coa Deputación provincial asinado no 2018 se tivera executado correctamente, coordinando a contratación das dúas obras, e que o Sr. Liñares, concelleiro de Obras, é o responsable de que se fagan as obras necesarias para dar as infraestruturas necesarias ás necesidades da veciñanza; di que ambos deben dimitir e facelo sen necesidade de que ninguén llo pedira e engade, dirixíndose ao Sr. alcalde que, se eles non dimiten, debería cesalos o Sr. alcalde e, se non o fai, debería dimitir el tamén, facéndose cargo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que ninguén vai cesar nin dimitir por ese motivo en primeiro lugar porque o que pasou foi por un erro da Deputación provincial, na que el forma parte do seu goberno ao igual que o forman os compañeiros do BNG do Sr. Chouciño Garrido que na Deputación son os responsables do servizo de Contratación da Deputación provincial.

O Sr. Chouciño Garrido di que os responsables de Obras son os compañeiros do Sr. alcalde.

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

O Sr. alcalde-presidente di que os responsables de Contratación na Deputación provincial da Coruña son os compañeiros do BNG do Sr. Chouciño, que son os que teñen que supervisar que todo o papeleo estea perfectamente, e engade que cando se licitou na forma en que se fixo, todavía había arranxo para todo pero tras a crise e a actualización de prezos á que se viron sometidas todas as obras a empresa adxudicataria dixo que non ía continuar con dita obra polo que se converteu nun absurdo volver a licitar a mesma obra cando había tempo para asinar un convenio co Concello de Culleredo no tempo en que ía durar a mesma porque a propia empresa xa anunciara que ía renunciar porque pedía unha subida de prezos moito maior que a cantidade que hoxe se presenta no pleno e que a que se vai levar ao pleno da Deputación provincial; di que o equipo de goberno fixo todo correctamente e cando se decatou do problema fixo unha consulta na propia Deputación da Coruña e aínda había arranxo, sendo o problema que non tiña arranxo a subida de prezos que se propoñía, e invita ao Sr. Chouciño Garrido a que se informe mellor, a que lle pida unha cita ao voceiro do Concello de Brión, que é o que leva Contratación na Deputación provincial, para que llo explique igual que llo fixo a el, preocupándose ao máximo no seu momento tanto el coma o seu persoal técnico, do cal el é o máximo responsable, para que a obra se contratara e que, unha vez que a obra quedou no abandono por parte da empresa, se negociou coa Deputación o cese amistoso de dita obra, brindouse a tratar todo este tema coa máxima axilidade porque eles saben tamén da perigosidade que ten dita estrada e os prazos da Administración son os que son, tendo a Deputación unha media de contratación de 400 días, que sería o que habería que esperar de non tramitar esta obra coa máxima urxencia; di que se non houbera a actualización de prezos se podería licitar a obra tal como se recollía no proxecto de saneamento pero non puido ser por ese problema.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ela quere facer un resumo das datas para recordar aos veciños como foi o tema da estrada e comeza dicindo que o proxecto de saneamento e da estrada é do 2016; en marzo do 2017 apróbase o proxecto da estrada de Orro na Deputación; en novembro do 2019 o Concello e a Deputación asinan un convenio para incluír o proxecto de saneamento e executalo conxuntamente pero non se executou en prazo e quedou sen efecto, procedendo a continuación a ler un parágrafo que recolle que en data 15 de novembro de 2019 formalizouse un convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para a execución e financiamento da obra da rede de saneamento da DP 0510 e di que a vixencia do convenio finalizou o 31 de outubro sen que se iniciara a obra; que fai 7 meses rescindiuse o contrato téndose executado unha mínima parte da obra; e en xuño do 2022 a Deputación solicita ao Concello un novo convenio porque considera necesario coordinar as súas actuacións, engadindo que os membros do seu grupo consideran que é moi necesario coordinar as actuacións porque ao final empezouse a obra sen incluír o saneamento.

Segue a dicir a Sra. García Gorostizu que os veciños de Orro levan con promesas desde o 2017 e á data actual a estrada xa non é que non estea feita senón que se atopa nun estado de perigosidade inaudito que a fai practicamente intransitable; que os despropósitos da obra referida non teñen nin pes nin cabeza e os veciños de Orro merecen o respecto que o equipo de goberno non lles está a dar, ata o punto de que máis de 40 veciños se puxeron en contacto co seu grupo municipal e se mobilizaron a semana pasada para esixir unha solución e di que parece unha casualidade que sempre que hai unha mobilización o goberno municipal ponse as pilas e pon como exemplo o que pasou o pasado ano coas pistas deportivas no verán porque no momento en que o goberno municipal ve que se convoca unha manifestación para a apertura das pistas o día anterior se abren, ou o que pasou cos veciños da Ría, que convocan unha proposta e unha posible manifestación e o equipo de goberno, tendo pendente aínda a sanción ao local, se mobiliza; di que grazas á mobilización os veciños conseguiron que todo o equipo de goberno fixera sete informes en dous días, algo que hai que agradecer aos veciños e pregunta que pasaría se os veciños non se manifestaran e se o que pasaría sería que a proposta de convenio seguiría no caixón e os veciños seguirían agardando, e lle pregunta tamén ao Sr. alcalde por que non se levou a proposta que se debate neste punto ao pleno do mes pasado; di que desde o seu grupo municipal votarán a favor da proposta de convenio que se presenta neste punto pero engade que queren un compromiso por parte do seu alcalde de cando se recepcionará a obra e solicitan o seguinte:

- Saber que informes se emitirán pola comisión de seguemento, con que periodicidade se emitirán e ter acceso a eles.

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

- Que se teñan en conta as augas de escorrentería procedentes de Paradela e que desembocan no CLT de Ledoño porque hai que ter en conta o momento en que comecen as chuvias e non está previsto o seu desaugue no viario.
- Que se implementen medidas de seguridade suficientes durante a execución da obra para evitar accidentes ou atropelos.
- Que a execución da obra se adapte á súa planificación para evitar demoras inxustificadas.
- Que se estableza unha franxa de solo paralela ao viario para a previsión doutras instalacións de servizos.

Segue a dicir a Sra. García Gorostizu que os membros do seu grupo queren votar a favor do convenio referido pero queren tamén o compromiso do Sr. alcalde de que a obra se vai executar e de que os veciños de Orro van poder confiar nel.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que respecto do proxecto o goberno municipal ten que cumprir fielmente co que nel se recolle e tanto por parte dos proxectistas como dos técnicos da Deputación e de quen asuma a dirección da obra terán en conta calquera defecto que poida aparecer na mesma; di que a el lle parece moi ben que os membros do grupo político popular se reúnan cos veciños en momentos puntuais dun feito e lle indica que unha semana antes de que a Sra. Gorostizu se reunira cos veciños xa estaba anunciado na Deputación provincial todo o que se ía facer e os compañeiros de partido da Sra. García Gorostizu sabían os antecedentes do que se ía tratar no pleno, polo que o que aconteceu non foi que grazas ás mobilizacións das que falou a Sra. Gorostizu o goberno municipal actuara senón que no momento en que se inician os trámites para realizar algo, unha semana despois convócanse mobilizacións, polo que puidera ser que a ela lle pasaran información os seus compañeiros de partido da Deputación e ela aproveitara para convocar aos veciños.

A Sra. García Gorostizu di que os veciños se puxeron en contacto con eles a principios de mes e xusto agora se convoca este pleno, preguntando pola necesidade de convocalo de urxencia.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que se convocou de urxencia porque a Deputación provincial, desde o servizo de Contratación, xa no mes de xuño (interrumpe a súa intervención porque comeza a falar a Sra. García Gorostizu)

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que a Deputación provincial xa no mes de xuño reclamou unha serie de informes que non se enviaron ata o último día.

O Sr. alcalde-presidente di que non, que o Concello de Culleredo foi quen redactou o proxecto.

A Sra. García Gorostizu procede á lectura dun parágrafo que di:

“Revisada la documentación que obra en el expediente se observa lo siguiente:

- No consta que el Ayuntamiento haya efectuado una encomienda de gestión para la ejecución conjunta de la obra.
- No consta que el Ayuntamiento haya prestado aprobación al proyecto objeto de la encomienda.
- No consta compromiso de aportación del Ayuntamiento ni se aporta retención de crédito con cargo al presupuesto municipal que cubra todos los gastos que previsiblemente pueda ocasionar la ejecución del proyecto.
- No consta compromiso municipal de aceptación de las obras a su terminación.”

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

Di que todo o que vén de ler consta nun informe e que o goberno municipal o fixo constar o último día a última hora.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que ese é o motivo de que a Deputación pida que hai que renovar o convenio porque o que había asinado non serve debido á necesidade de actualización de prezos; que esa é a única realidade e que non existe convenio porque se redactou un novo proxecto que é o que se propón aprobar para despois asinar un novo convenio con base nese proxecto actualizado.

A Sra. García Gorostizu di que o proxecto é do mes de xuño e que o Sr. alcalde presentou os informes o último día, o pasado venres pola mañá, para poder convocar o pleno urxente o venres ás tres e media da tarde.

O Sr. alcalde di que xa explicou o motivo xa que o pasado xoves tivo lugar na Deputación provincial da Coruña a última comisión informativa que aprobou o ditame da estrada sobre a que se debate por unanimidade de toda a comisión informativa porque entenden perfectamente cal é o problema e cal é a casuística; que el non vai debatir no pleno temas da Deputación provincial pero que ten a total tranquilidade e a total seguridade de que desde o Concello de Culleredo se fixeron as cousas correctamente porque foi precisamente grazas á xestión do goberno municipal polo que dita obra todavía non está parada, obra que nun principio se ía facer con Tragsa para axilizala e chegouse a un acordo cos técnicos da Deputación para que non fora Tragsa e se puidera licitar con carácter de urxencia, e repite unha vez máis que ao haber un novo proxecto actualizado o Concello ten que actualizar tamén o proxecto de saneamento, que leva xa actualizado na Deputación desde o mes de xuño, cando se requeriu a actualización de prezos, e que está todo polo propio rexistro da Deputación e polo propio servizo de Obras que é o que ten que validar o custo da obra porque o proxectista da obra estima un prezo e é a Deputación provincial a que, a través dos seus técnicos, dos seus enxeñeiros, fai a estimación final de prezos; que cando a obra se ía licitar con Tragsa xa se falou dun incremento considerable, todavía superior ao agora presentado, e que o certo é que se podía facer con maior axilidade e chegouse ao acordo de que se volvera a licitar para que houbera un concurso aberto para as empresas do sector.

A Sra. García Gorostizu intervéñ e lle pregunta ao Sr. alcalde a que data se compromete el para ter a obra feita.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que el o que pode dicir é o que lle din na Deputación que é que no mes de setembro a obra estará licitada, engadindo que de todas formas el non é o xefe de Contratación da Deputación provincial nin pode asegurar o que vai pasar nese sentido pero se se trae ao pleno coa urxencia coa que se trae e se leva o próximo venres ao pleno da Deputación tamén coa urxencia coa que se leva, facendo todos os trámites nun tempo récord de dez días, e estudados os proxectos que xa están desde o mes de xuño na Deputación provincial, o que si se indica desde dito ente é que no mes de setembro estará licitada, e de aí o agobio dos prazos.

Intervén a Sra. García Gorostizu e pregunta se se van ter en conta as demandas dos veciños.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que as demandas dos veciños xa estaban anotadas no anterior proxecto.

A Sra. García Gorostizu di que algunhas das demandas non se estaban a ter en conta e refire como exemplo o tema das augas pluviais.

Responde o Sr. alcalde-presidente e lle di á Sra. García Gorostizu que ela non está no certo e que a obra quedou colgada no punto en que o quedou e que nos diferentes tramos en que os veciños consideraban que o proxecto os podía deixar en peor lugar e que podía ser mellorable, a propia dirección de obra e a asistencia técnica da obra cando se iniciou, xa tiña en conta algunhas consideracións como algúns galibos e algunhas cuestións que melloraban "in situ" a obra, debéndose considerar de novo todas estas cuestións que xa están anotadas cando comece a obra porque ás veces os proxectos técnicos se fan dunha determinada forma e cando se está na obra aparecen outras consideracións a ter en conta que moitas veces son indicadas polos veciños; que de momento non se puideron atender as demandas dos veciños porque a obra parouse ao igual que lle pasou a outras como a unha obra que vai desde Mera á Vía Ártabra que leva tres anos parada e segue;

12 de 14

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

di que Culleredo actúa con total transparencia e que todo o que se fixo foi para que fora co carácter de urxencia e non pola forma ordinaria pois neste caso estaríase coa media de contratación da Deputación que é de 400 días porque para eles, a todos os efectos, é unha nova licitación.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido solicita intervir no seu turno de réplica.

O Sr. alcalde-presidente lle pide que cando queira replicar o faga no seu turno despois de que el conteste á súa intervención.

O Sr. Chouciño Garrido di que se trata dunha cuestión de orde e que as réplicas van ao final pois hai un turno de intervencións e despois van as réplicas, algo que recolle o ROM claramente, invitando ao Sr. alcalde a que o lea.

O Sr. alcalde-presidente lle di ao Sr. Chouciño que fixo unha pregunta e el lle contestou, sen que nese momento solicitara replicar.

O Sr. Chouciño Garrido di que el non fixo unha pregunta, e que iso vai no punto de rogos e preguntas, senón que fixo unha intervención nun punto da orde do día e que hai unha rolda de intervencións (invitando ao Sr. alcalde novamente a que lea o ROM) e que despois hai un turno de réplica, agardando el a que rematara a súa intervención a compañeira do grupo político popular para pedir o turno de réplica.

O Sr. alcalde-presidente di que el o ROM xa o ten moi lido e que no momento en que cada voceiro fai a súa intervención e el lles contesta é aí cando se ten que replicar porque do contrario el lle pasa o turno á concelleira do Partido Popular, e engade que a concelleira do Partido Popular non fixo ningunha alusión ao que dixo o Sr. Chouciño nin este replicou; que a partir de agora vai ser así porque é así como ten que ser e lle dá a palabra ao Sr. Chouciño Garrido para que replique.

O Sr. Chouciño Garrido lle di ao Sr. alcalde que non é como vén de dicir e que está establecido no ROM que primeiro hai un turno de intervencións e despois un turno de réplica, unha vez completado o turno de intervencións, engadindo que se vai centrar no tema pois o Sr. alcalde tacha de absurdo o comentado polo BNG e na documentación que obra no expediente non hai nada referido a que haxa un problema de empresa senón que o que hai é unha alusión clara, despois de comentar como foi todo o proceso, a que a única obra que se contratou, en data 08.07.2021, foi o ensanche, mellora, trazado, afirmado e senda da DP-510, tramo Confurco a Orro, iniciándose os traballos nos meses posteriores; que o responsable de que se cumprira o convenio e que incluíra unha obra que lle interesaba a Culleredo e que é competencia municipal é Culleredo, existindo unha comisión de seguemento para solicitalo, non constando ningunha acta de dita comisión de seguemento, parecendo que o goberno municipal non tivera iniciativa ningunha para reclamálo ata que o advirte o BNG no mes de novembro do 2021, sesión esta na que a concelleira de Contratación dixo que ela non levaba obras, engadindo máis adiante que puidera ser que se licitara nese momento o vial e despois o resto da obra, o que indica un descoñecemento tremendo dun convenio coa Deputación para a contratación e agora a quen se lle bota a culpa é á Deputación porque non se preocupa polas competencias que lle corresponden a Culleredo.

Segue a dicir o Sr. Chouciño que quere recordar por último a promesa de canalización de fibra óptica que fixo o goberno municipal xunto co Sr. Sacristán no 2017, que se incluíría nesa obra, non habendo nada no proxecto, nin unha única alusión nin sequera agora que supostamente se rectifica e o único que parece que fai é actualizar os prezos sen que se aproveite para rectificar o erro anterior e meter a canalización de fibra prometida aos veciños de Orro nunha reunión que tivo o actual alcalde xunto co anterior e outras persoas que alí estaban.

Responde o Sr. alcalde que considera que xa contestou porque o Sr. Chouciño veu dicir o mesmo que xa dixera.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I02GK	USG/2022/129
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
3F1C 1V4H 4M0U 5K6W 018Y	

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 22 de xullo de 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún:

Abstencións: unha (1), do Sr. Chouciño Garrido.

Á vista do resultado da votación, a proposta da Alcaldía de data 22 de xullo de 2022 (código de documento UCP16I00Y0) resulta aprobada polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario xeral accidental, dou fe.

Vº e prace,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H